



Manifesto Galego no Día Mundial do Teatro 2026

Por Carlos Callón

Dise que o xénero por excelencia da nosa literatura, tanto da tradicional como da impresa, é a lírica. Iso é verdade mais tamén é mentira. A nosa é unha lingua que naceu nun verso, mais nun verso que non se lía, senón que se representaba, que se facía carne na voz e nas mans. As xograresas e os xograres que danzaban, xesticulaban e cantaban á calor dunha lareira señorial ou na praza dunha vila, tiñan moito de comediantes. Vimos de moi lonxe.

A nosa literatura trobadoresca é un tesouro abraiante, mais coñecemos só as táboas do naufraxio. Cando no século XVIII se quixeron imprimir algunhas cantigas, o director da Real Biblioteca Española impediuno: a poesía en galego era "capricho, extravagancia y mal gusto". Insultábanos impunemente. Neses tempos, se estabamos nun palco era para se mofaren de nós: *El gallego y la criada*, *Los gallegos: o mala raiba le veña*, *La gallega y los mandados*, *El gallego toreador*, *El gallego y las lechugas...* Un crítico aseverou que non faltaba en Madrid unha peza cómica en que non houbera "acento gallego cerrado y mollera más cerrada todavía"; outro, vomitou que eran "lugareños rudos, con su lenguaje y sus muñeiras". Escarneciáse un pobo traballador e emigrante que, fóra do seu país, ocupaba os postos máis precarios.

Ensináronnos a degradarnos, a desvalorizarnos, a ternos por menos. As primeiras veces que o teatro galego subiu ás táboas, o público gargallaba mesmo nos momentos dramáticos. Aprenderan a cuspir no espello e aínda custa corrixir o camiño.

Non foi fácil. Non é fácil. En 1801 ordenouse: "En ningún teatro de España se podrán representar, cantar, ni bailar piezas que no sean en idioma castellano". En 1867 apregoábase na Galiza outra norma proveniente da Corte: "En adelante no se admitan a la censura obras dramáticas que estén exclusivamente escritas en cualquiera de los dialectos de las provincias de España", pois consideraban que o teatro era "el medio más eficaz para que se generalice el uso de la lengua nacional" (e non se referían á da nación galega). Estas normas dificultaron un teatro propio nos



escenarios e desgaleguizaron unha parte das farsas e entremeses populares, que levaban séculos transmitíndose na nosa lingua natural.

Ademais das prohibicións, viñan as chicotadas desde os xornais ou os ditames de publicación: o galego non é "apto para el teatro culto que haya de ser representado"; mesmo o sotaque noso é "un inconveniente" e "hace perder fuerza". Cando a profesionalización daba os primeiros pasos, hai 40 anos, un xornal da caverna alarmábase porque podíamos existir, disque nunha "andadura lenta, pero eficaz, en el objetivo de imponer un teatro hablado, y casi siempre originalmente escrito, en lengua gallega". Moito ladran. Moito andamos.

A nosa lingua está de novo en crise e este seu vello compañeiro, o teatro, algo sabe de como lidar coas crises. Nun momento en que o tanxíbel pide lugar fronte ao desengano do virtual, o teatro é unha chave decisiva para revitalizarnos a fala nosa. Ben o percibe quen lle tolle o andar. Precisamos dunha rede de exhibición viva, dunha educación escénica para todas e todos e duns orzamentos serios.

E convén lembrarmos algo fundamental nestes tempos en que se espallan vellos novos odios: nós somos as tataranetas e os tataranetos dese pobo emigrante de quen se rían nos palcos; somos as tataranetas e os tataranetos que conseguiron pasar de ser caricatura a suxeito, cunha voz propia que nos devolve dereitos, nome e horizonte. Sabemos que ser galegas e galegos é o noso xeito de pertencermos á humanidade.

Lembremos, nomeemos, actuemos! Viva a memoria e a cultura do pobo traballador!
Viva o Teatro Galego!